

UN MÁIS

Texto de OLALLA GONZÁLEZ

Ilustracións de MARC TAEGER

Encadernado en cartón. 18,5 x 22,5 cm. 40 páx. 15 €.

Un máis (galego)

ISBN 978-84-8464-323-4. Demademora.

Uno más (castelán)

ISBN 978-84-8464-322-7. Primeros lectores.

Un més (catalán)

ISBN 978-84-16804-22-1. Primers lectors.

Gehiago garenean (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-999-9. Autore liburuak.

Mais um (portugués)

ISBN 978-989-749-084-2. Primeiros leitores.

Uno in più (italiano)

ISBN 978-88-95933-78-8. Primi lettori.

A bigger family (inglés)

ISBN 978-84-8464-324-1. Early readers.

Un día, o pequeno coello mirou a súa mamá e dixo:

–Mamá, estás moi gorda. Creo que vas ter un bebé!


–Pois si, dentro de pouco seremos máis.

–E cando vai nacer?

–Cando xa non poida ver os meus pés...

A chegada dun novo irmán ou irmá suscita a curiosidade do protagonista de “Un máis”, un relato para primeiros lectores que destaca pola súa estrutura repetitiva a tres niveis: pola reiteración das fórmulas coas que pequeno coello interpela a súa nai para saber cando se producirá o nacemento; a outros habitantes do bosque anunciándolles a boa nova e trasladándolles a súa insistente pregunta; e por como imaxina os xogos que poderán compartir.

Tenrura, solidariedade, ledicia, emoción -e unha sorpresa final- son os sentimentos que abrollan nesta historia, plasmada en ilustracións de trazos definidos, liñas irregulares, esquemáticas, e acuarelas de tons suaves sobre fondo branco. Destaca a dicotomía entre as escenas a toda cor e outras monocromas onde se evidencian os soños e os desexos de quen se prepara para ser o irmán maior.



■ **Temática:** a familia medra.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** familia, irmáns, infancia, xogos; animais, natureza; paso do tempo; conto acumulativo, estrutura repetitiva; dos autores de “Garavanciño” (Kalandraka).

Olalla González

(Marín, 1977)

Mestra, contacontos e especialista en animación á lectura. Colaboradora de KALANDRAKA, tamén coordinou o espazo infantil LoboCoxo. Adaptou os contos tradicionais “Garavanciño” e “Chibos chibóns” (KALANDRAKA).

Marc Taeger

(Berna, 1963)

Estudou deseño gráfico en Barcelona. Afincado en Galicia, traballa como ilustrador e deseñador. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son as especialidades da súa obra, exposta en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia e Costa Rica. Recibiu o Premio Daniel Gil 2005 polo seu traballo de ilustración e deseño en “A verdadeira historia de Carapuchiña” (KALANDRAKA). Seguíronlle os álbums “Garavanciño”, “Tic-tac”, “Elefante comellón”, “Aquiles o puntiño” e, no selo FAKTORIA K, “Artur” e “A Guía Necsia”.

www.marquski.com

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com